

Adiviñas. Palmira G. Boullosa.
Editorial Galaxia



Neste libro recóllense unha manchea de adiviñas para facer máis levadeiras as tardes do inverno.

**Doce damas para o meu regalo.
Todas van en roda.
Todas levan medias.
E ningunha zocas.**




(As horas)

Azul e Rosa. Ana Pillado Vega.
Edicións A Nosa Terra



Dous irmáns, Lila e Pilo, explicanlle aos seus avós que ser neno ou nena non ten que ver co gusto polas cores e que non queren etiquetas.



AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

Vilalba, Lugo, 1947

Ten publicados máis de 30 libros, polos que recibiu numerosos premios: *As flores radiactivas* (Premio Merlín, 1989), *Contos por palabras* (Premio Lazarillo, 1990), *Trece anos de Branca* (Premio Edebé, 1994), *Cartas de Inverno* (Premio Rañolas, 1995), *Cos pés no aire* (Premio Raíña Lupa, 1998), *O meu nome é Skywalker* (Premio O Barco de Vapor, 2003), *A escola dos piratas* (Premio Edebé Infantil, 2004) e *O único que queda é o amor* (Premio Nacional de literatura infantil e xuvenil, 2008)

SEGUNDO CICLO

A cidade dos desexos. Agustín Fernández Paz.
Col. Merlín Edicións Xerais



Un día, os nenos e nenas da panda, María, Artur, Tareixa, Noa e Carlos, baten cunha persoa inquietante, capaz de facer as cousas máis estrañas e fascinantes.

Con esa persoa van emprender a aventura de cambiar por completo a cidade na que viven.

E non vai ser unha tarefa doada...



TERCEIRO CICLO

Contos azuis. Fernando Cabeza Quiles.
Col. Árbore. Editorial Galaxia



Dez relatos tinguidos de azul e de moitas outras cores -a cor da lembranza, a cor da nostalxia, tamén a cor da aventura e da ilusión- cos que has de viaxar polo tempo, polos sentimentos e pola literatura.



CATRO LIBROS PARA O NADAL 2009



CATRO LIBROS RECOMENDADOS
PARA
O ALUMNADO
DE
EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA



EQUIPO
NORMALIZACIÓN E
DINAMIZACIÓN
LINGÜÍSTICA

CEIP GALÁN OSEIRO - ARTEIXO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA